

Actualización nº 2 do Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO FEGADO de actuación para o retorno aos adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico

Actualización maio 2022



O obxectivo desta nova actualización nº 2 do *Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO FEGADO de actuación para o retorno aos adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico*, na súa última versión de outubro de 2021 é de actualizalo ao marco normativo actual, á vez que converxer cara á derradeira modificación de 9 de marzo de 2022 do protocolo de ámbito estatal da Federación Española de Orientación (FEDO) que deixa sen efecto a obrigatoriedade do cumprimento do Protocolo de Reforzo para o Deporte de Orientación.

A actualización e flexibilización das medidas preventivas xustifícase pola entrada en vigor dende o día 19 de abril de 2022 das medidas previstas no Real Decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso das máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

En Vigo a 16 de maio de 2022

Coordinador da FEGADO CONTROL COVID-19

Jorge Piñeiro Portela fegado.direcciontecnica@fegado.es

Contidos da actualización ao Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO da FEGADO

1. Novidades no marco normativo2
2. Medidas específicas para a actividade deportiva federada.....2

1. Novidades no marco normativo

- **Real Decreto 286/2022 de 19 de abril**, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19.
- **Modificación de 9 de marzo de 2022 do Protocolo de Actuación COVID-19 da Federación Española de Orientación.**
- **Guía simplificada das medidas preventivas para facer fronte ao risco de contaxio pola COVID-19 de aplicación ao Deporte Galego.** Secretaría Xeral para o Deporte. 19 de maio de 2022.
- **Recomendación respecto do uso responsable da máscara en espazos pechados** . Secretaría Xeral para o Deporte. 19 de maio de 2022.

2. Medidas específicas para a actividade deportiva federada

Os participantes en todas as actividades organizadas baixo a autoridade da FEGADO, polas entidades deportivas ou ben polas persoas físicas ou xurídicas, teñen que ser conscientes da posibilidade de contaxiarse pese que a organización aplique as medidas preventivas recollidas no Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO FEGADO incluída a presente actualización.

Nalgúns casos a adopción de tales medidas por parte das organizacións deportivas poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento da práctica deportiva federada (adestramentos e competicións).

Uso de máscara non obrigatorio (aplica a tódalas especialidades). Tanto no desenvolvemento da actividade física, como na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica non é obrigatorio o uso da máscara. Isto aplica en todos os aspectos recollidos nos documentos do Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO FEGADO e actualizacións vixentes (táboas, infografías e textos, etc.).

Recomendación de uso responsable en espazos pechados Faise unha recomendación do uso responsable da máscara en espazos pechados nos que pola súa natureza ou actividades que se leven a cabo, o risco de transmisión sen máscara pode ser alto. Nestes espazos, pódese concentrar moita poboación, con pouca distancia interpersoal, ás veces durante varias horas. Aínda que moitos destes espazos contan con sistemas de ventilación, esta ventilación non sempre está garantida. É por iso que, neste ámbito a probabilidade de transmisión en ausencia de máscara pode ser elevada e o impacto podería ser moderado tendo en conta a diversidade de persoas expostas, entre as que podería haber vulnerables.